



Recomendación dirixida á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que no marco da ESTRATEXIA GALEGA DE CONVIVENCIA ESCOLAR 2025 se analicen todas as ferramentas e vías posibles para avanzar na prevención e corrección das situacións contrarias á convivencia positiva nos centros escolares nas que estea implicado un membro do profesorado

Expediente: D.3.Q/5164/23

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2023

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. XXX

ANTECEDENTES

No seu escrito expoñía a situación xerada no centro educativo e a denuncia de acoso ao seu fillo por parte do profesor de xxx e de xxx, que ten tamén o cargo de xefe de estudos no centro, con xestos de menosprezo de forma reiterada, expulsións fóra da clase ordenándolle quedar de pe no pasillo, valoracións negativas sobre o alumno diante dos compañeiros e outros feitos conflictivos. Por estes motivos remitiu un escrito á Inspección educativa relatando as situacións das que tiña coñecemento.

Na data do 13 de febreiro, levantouse un atestado policial ante a denuncia formulada pola persoa que promove este expediente tras a presenza da Policía nacional no centro ao non permitirlle ao pai saír co seu fillo non habendo ningunha persoa en Secretaría que expedise o xustificante de que o alumno saía do centro.

Ese escrito presentado con data do 15 de febreiro na sede electrónica da Xunta de Galicia para a Inspección educativa, no que solicita a intervención do Servizo de Inspección ante o presunto acoso, omisión e represalias por parte do CPR Plurilingüe XXX, así como a adopción de medidas cautelares co profesor, foi respondido polo inspector indicándolle que, *“tras realizar a investigación correspondente, non se encontran indicios de acoso por parte do profesor don XXX ao seu fillo (...)*

Non se aprecia omisión de funcións por parte do centro. A apertura dun protocolo de acoso escolar está destinado ao que se pode producir entre iguais, non entre profesor e alumno. Para aclarar as situacións acontecidas foi citado vostede no centro en varias ocasións para manter unha xuntanza de acordo coa organización e normas para a atención ás familias que teñen establecido no CPR Plurilingüe XXX.

Non se observa que o centro adoptara ningunha represalia.”

Indícaselle que a inspección de educación non ten competencias de carácter disciplinario sobre o profesorado, ao tratarse dun centro privado concertado.

A resposta lembra que a matrícula nun centro educativo supón o respecto do carácter propio do centro, o que inclúe a aceptación e cumprimento das súas normas, tanto no acceso e permanencia no mesmo, no emprego de teléfonos móbiles así como as normas que estableza para desenvolver a acción titorial coas familias. O alumnado debe permanecer no centro dentro do horario lectivo.

A Inspección educativa sinala que, dado que se iniciou a vía penal coa denuncia presentada na Policía Nacional, haberá que agardar aos feitos probados que se consideren en instancias xurídicas antes que continuar pola vía administrativa, en base a que se produce unha identidade de feitos e persoas presuntamente implicadas.

Finalmente indícaselle que, ao respecto das situacións acontecidas, trasladaranse á titularidade do centro as consideracións que correspondan.

Foi solicitado informe a esa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en particular, sobre o procedemento seguido pola Inspección educativa na investigación realizada tras a que se concluíu que non se atopan indicios de acoso por parte do profesor ao alumno; o procedemento seguido para concluír que non se aprecia omisión de funcións por parte do centro, especialmente no relativo a adopción de medidas de protección a unha suposta vítima; cal é o procedemento establecido para investigar un suposto caso de acoso dun profesor a un alumno, dado que a apertura do protocolo de acoso escolar está destinado ao que se pode producir entre iguais, non entre profesor e alumno; os motivos polos que, para aclarar as situacións acontecidas, non foi citado o promotor do expediente nin foi entrevistado o menor; as razóns polas que o inspector afirma que nun centro privado concertado, a inspección educativa dese centro non ten competencias sobre o profesorado nun caso como o descrito, o que parece contrario ao disposto no Decreto 99/2004, do 21 de maio, polo que se regula a organización e o funcionamento da Inspección Educativa e o acceso ao corpo de inspectores de Educación na Comunidade Autónoma de Galicia, que establece que a consellería competente en materia de educación, no desempeño das súas atribucións, exercerá a inspección sobre todos os centros docentes, servizos, programas e actividades que integran o sistema educativo de

Galicia, tanto de titularidade pública como privada, en todos os niveis educativos, coas súas atribucións específicas.

Na data do 16 de xuño foi rexistrado o informe da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

ANÁLISE

O inspector do CPR XXX informa que os presuntos problemas entre un docente (o xefe de estudos) e o alumno comezaron desde outubro de 2022. Ao ter coñecemento o centro deste problema tentaron manter diversas xuntanzas entre o reclamante e o docente coa finalidade de resolvelo e que volvесе a normalidade na aula.

O informe manifesta que o reclamante non acudiu a ningunha das datas propostas para estas xuntanzas dado que formulaba unhas serie de esixencias que non podían ser atendidas polo centro. Non se mencionan no informe cales eran estas esixencias ata mais adiante e, segundo parece, consistían en manter a reunión coa condición de que estivese presente un avogado, o inspector ou que lle deixaran gravar a entrevista. O informe non xustifica os motivos desta negativa do centro a celebrar unha xuntanza con condicións que en ningún suposto son ilexítimas. Tanto a presenza dun avogado, como dun inspector e mesmo a gravación da reunión son condicións lícitas. A xurisprudencia e a doutrina marcada polo Tribunal Constitucional e a Audiencia Nacional indica que é legal gravar conversacións nas que o que grava é partícipe, e non constitúe intromisión algunha no dereito á intimidade nin tampouco no segredo das comunicacións. Cando na gravación participa quen grava dita conversación, non supón vulneración de dereitos nin sería unha actividade sancionable, aínda sen consentimento dos partícipes, sempre que durante a conversación gravada non se tratan temas persoais nin familiares alleos, neste caso, ao ámbito da actividade docente ou profesional.

Segundo o RGPD (considerando 40), “para que o tratamento sexa lícito, os datos persoais deben ser tratados co consentimento do interesado ou sobre algunha outra base lexítima establecida conforme a Dereito”. En concreto neste caso danse as circunstancias reflectidas no epígrafe f) do apartado 1º do artigo 6 do RGPD: (...) o tratamento é necesario para a satisfacción de intereses lexítimos perseguidos polo responsable do tratamento ou por un terceiro, sempre que sobre os devanditos intereses non prevalezan os intereses ou os dereitos e liberdades fundamentais do interesado que requiran a protección de datos persoais, en particular cando o interesado sexa un neno.

No caso que nos ocupa, o interese lexítimo da persoa que realiza a gravación ven constituído pola preocupación dos pais no referente á educación e o benestar do seu fillo. Nesas condicións o consentimento non sería un requisito previo para poder realizar o tratamento

de datos persoais cando a gravación se realice. Ademais, como dixemos, o Tribunal Constitucional ditaminou que nos casos onde unha persoa grava a súa conversa con outra ou outras persoas, non vulnera ningún precepto constitucional, sempre que non se rexistren conversacións persoais ou familiares.

Por outra banda, a normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal establece para o responsable do tratamento (pai ou titor que realiza a gravación) o deber de informar as persoas das que está a recoller a información (profesores que participan na conversación co pai ou titor) sen que sexa necesario solicitar o seu consentimento.

En conclusión, a gravación non constituiría unha vulneración do marco legal se se cumpren as seguintes condicións:

- 1) O pai ou titor participa na conversación que el mesmo grava
- 2) A conversación gravada versa exclusivamente sobre a educación do seu fillo ou tutelado (interese lexítimo)
- 3) A persoa que realiza a gravación informa previamente á súa realización ás persoas que van ser gravadas (deber de informar)

O pai ou titor que realiza a gravación considerarase responsable do tratamento, polo que deberá preservar a gravación e non difundila nin expoñela a terceiros e destruíla cando deixase de ser necesaria para os fins perseguidos.

Malia isto, e a pesar da gravidade da situación para o centro, que debiera ter o máximo interese na investigación e resolución dos feitos, chegouse a situación de que o reclamante comunicou á titora que autorizaba ao seu fillo a abandonar a aula se se sentía incomodado por algún comentario do profesor e tamén a que puidese empregar o teléfono móbil para chamalo.

Novamente insístese no incumprimento das normas do centro nos feitos sucedidos o 13/02/2023, dos que levantouse un atestado policial, e que, segundo o informe *“ven derivado desta "autorización" outorgada por el ao seu fillo dado que, ante un suposto incidente co docente na aula, decidiu unilateralmente e sen permiso abandonar esta e chamar ao seu pai co seu teléfono móbil para que o viñera a recoller, feitos estes dous totalmente contrarios ás normas do centro.”*

O relato que se fai do acceso do pai ao centro, non estando presente na portería nin en secretaría ningunha persoa, tampouco é coherente. O informe di que é un feito totalmente contrario ás normas do centro dado que non existía ningún risco vital que impedise que o alumno esperase a que alguén autorizado do centro abrise a porta e lles facilitase o xustificante para que o reclamante asinase a saída do seu fillo do centro. Porén, o alumno limitouse a abrir a porta ao seu pai e non abandonaron o centro educativo sen autorización senón que buscaron a alguén que lles facilitase o xustificante de saída, extremo que confirma o informe.

Sobre o altercado na aula na que estaba dando clase o docente cuestionado –e que foi presenciado polo resto do alumnado da clase–, no que tivo que intervir a Garda Civil, denota unha falta de control da situación polo profesor, nese momento principal responsable de manter as normas de convivencia no interior do centro e adoptar as medidas precisas para evitar calquera conflictividade.

O informe manifesta que a dirección do centro citou de novo ao interesado para manter unha reunión pola tarde no CPR, á que non asistiu xa que volveu a esixir como condición que estivese presente un avogado, o inspector ou que lle deixaran gravar a entrevista. Como isto non se lle garantiu, non acudiu á mesma.

Polo que se refire ao procedemento seguido pola Inspección educativa na investigación realizada tras a que se concluíu que non se atopaban indicios de acoso, o informe indica que o 15/02/2023 o reclamante presentou un escrito na que relataba, segundo a súa versión, os feitos ocorridos co docente durante o presente curso académico. Ese mesmo día o inspector do centro mantivo unha conversa telefónica co orientador do centro como inicio do seu labor de inspección. Posteriormente, o 16/02/2023 visitou o CPR Plurilingüe XXX e mantivo entrevistas coa directora titular, co orientador e coa titora do alumno. O 17/02/2023 o inspector do centro citou ao docente denunciado na sede da inspección educativa e mantivo unha entrevista con el para aclarar os feitos denunciados. Como complemento do labor de inspección, o 24/02/2023 recibiu dous informes do centro, un elaborado polo orientador e outro pola titora, sobre o acaecido ao longo do curso. Nos mesmos inclúense a testemuña de tres profesores do centro que presenciaron parcialmente a incidencia do día 14 de febreiro.

Tras a análise de toda a información, o 06/03/2023 o inspector do centro procedeu a enviarlle un escrito ao reclamante no que se lle daba unha detallada resposta de todas as cuestións que formulaba no escrito do 15/02/2023. Non se apreciou discriminación, illamento ou "ninguneo" cara ao alumno nas incidencias producidas os días 13 e 14 de febreiro.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades afirma que o inspector actuou seguindo o establecido no Decreto 99/2004, do 21 de maio, polo que se regula a organización e o funcionamento da Inspección Educativa e o acceso ao corpo de inspectores de Educación na Comunidade Autónoma de Galicia, así como na Orde do 13 de decembro de 2004 pola que se desenvolve o Decreto 99/2004, do 21 de maio, polo que se regula o funcionamento da Inspección Educativa e o acceso ao corpo de inspectores de Educación na Comunidade Autónoma de Galicia.

Con todo, do informe derívase que non se entrevistou co alumno para coñecer a súa versión dos feitos dos que era, presuntamente, a vítima, malia ter idade e madurez suficiente para trasladar a súa percepción da situación. A pesar de non entrevistarse nin escoitar ao alumno, conclúe a inspección educativa que *“Observouse que, por parte do alumno, existía un cuestionamento da autoridade do docente ao reaccionar mal ao ser corrixido, replicarlle en ocasións ás súas indicacións, manter unha actitude desafiante, etc”*. Esta conclusión só puido obterse dunha fonte, o propio centro, sen contrastar a visión do alumno sobre a forma do docente de exercer a súa autoridade. Tampouco se entrevistou co proxenitor para contrastar as informacións coa súa versión, sendo precisamente o denunciante.

Esta situación pon de manifesto unha eiva na regulación neste tipo de supostos nos que non existe un protocolo de investigación específico nos casos de denuncia de mal trato ou acoso dun profesor a un alumno. Insiste o informe en que a inspección realizou as actuacións necesarias, e dentro das súas competencias, para coñecer os feitos denunciados, concluindo que non existía comportamento de acoso por parte do profesor. En caso contrario, se das actuacións levadas a cabo se puidesen obter indicios dunha conduta non adecuada do profesor, ao tratarse dun centro privado carecería de competencias para adoitara calquera medida disciplinaria contra o mesmo.

Do manifestado no informe, cómpre deducir que este tipo de situacións conflitivas entre profesores e alumnos en centros de titularidade privada sostidos con fondos públicos quedan fóra das competencias correctoras da inspección. Tampouco está claramente establecido o procedemento que permita detectar unha mala convivencia que implique a un membro do profesorado, unha inadecuada xestión polo profesorado das habilidades interpersoais e intrapersoais na xestión dos conflitos ou do malestar emocional xerado nun alumno ante o que percibe como vulneración da súa dignidade.

A adecuada conclusión deste expediente debe levar a unha proposta de mellora do plan de convivencia dos centros escolares. Tal como se recolle no artigo 6 do Decreto 8/2015, en cada centro educativo créase unha comisión de convivencia, no seo do consello escolar. Pola súa parte, as normas de organización e funcionamento dos centros privados concertados preverán a existencia dunha comisión no seo do consello escolar coas mesmas competencias que se lle atribúen no Decreto 8/2015 á comisión de convivencia do consello escolar dos centros públicos.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a seguinte **recomendación**:

-Que no marco da ESTRATEXIA GALEGA DE CONVIVENCIA ESCOLAR 2025 se analicen todas as ferramentas e vías posibles para avanzar na prevención e corrección das situacións contrarias á convivencia positiva nos centros escolares nas que estea implicado un membro do profesorado.

A tal fin, recoméndase revisar a normativa en materia de convivencia e contemplar, nos planes de convivencia dos centros escolares do sistema educativo galego na súa integridade (públicos, privados e concertados), procedementos específicos para facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan producirse no centro entre profesores e alumnos, sobre a base do respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

-Que se establezan mecanismos de apoio, protección e reparación das vítimas e, a tal efecto, que se valore a conveniencia de crear un espazo de participación confidencial e seguro de diálogo entre a Administración educativa, a familia e o alumno afectado, que teña un efecto reparador e axude á recuperación da vítima. Este mecanismo de reforzo da protección dos alumnos nos conflitos con membros do profesorado debe estar recollido e protocolizado, tanto na designación das figuras responsables como no seu desenvolvemento.

Para garantir as relacións positivas e a colaboración das familias, estes procedementos deben ter un carácter claramente diferenciado respecto do exercicio da potestade disciplinaria da Administración, cando corresponda, o que salva a limitación neste eido da Administración pública nos centros privados e concertados.

-Que se cumpra o obxectivo da Estratexia EDUCONVIVES de potenciar a abordaxe desde os propios centros de programas de convivencia de carácter institucional vinculados á calidade educativa, impulsando en toda a rede de centros, plans específicos de formación en centros e plans de mellora deseñados e implementados polos propios centros nos problemas de convivencia que impliquen ao seu profesorado como prioridade para abordar con éxito a convivencia escolar, desde o pleno exercicio da autonomía do centro e a súa responsabilidade neste tema cun enfoque integral e integrador.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo